



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17-12-2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 10:15 horas do día 17 de decembro de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE
D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ
D^a MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

SECRETARIA: D^a ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTORA: D^a LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 18-11-2020. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha aclaración, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización: **Non constan**

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: **Non constan**

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP: **EXP: 2020/C003/000003 "Contratación de Obras para a MELLORA ENTORNO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS"**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

PROPOSTA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS: MELLORA ENTORNO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS

ANTECEDENTES:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras para a MELLORA ENTORNO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS (2020/C003/000003), cun orzamento base de licitación de 55.481,42 €, e valor estimado de 45.852,41 €, artigo 13 LCSP, empregando o procedemento aberto simplificado consonte ó artigo 159 da LCSP, tramitación ordinaria e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, para o cal se empregará o Prego tipo aprobado pola Deputación Provincial da Coruña.

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, e aprobado polo Pleno na sesión celebrada o día 17/12/2019.

Vista a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria da anualidade 2020: 2020.150.61900 (RC número operación 22020000152), por importe de 55.481,42 €, do 24/01/2020.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 492/2020, de 7 de agosto, polo que se inicia o expediente de contratación.

Visto os informes dos Servizos Técnicos Municipais e do xefa da dependencia de Contratación, no que se detallan o estudo económico e a insuficiencia de medios do concello, asinados o 10/08/2020.

Visto a memoria xustificativa do procedemento de contratación elixido (procedemento aberto simplificado), asinado polo técnico da administración xeral o 10/08/2020.

Visto o Prego de Condicións Administrativas Particulares (PCAP) asinado polo técnico da administración xeral o 10/08/2020, polo que debe rexerse o contrato en cuestión.

Visto o informe xurídico de Secretaría do 11/08/2020 e o informe de fiscalización previo de Intervención do 12/08/2020.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do día 14/08/2020, polo que se aproba o expediente de contratación.

Vista a acta da Mesa de Contratación do día 11/11/2020, na que se eleva a proposta de adxudicación do contrato a nome da empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL e se require a presentación da documentación xustificativa dos requisitos previos, mediante orixinais ou copias compulsadas, de conformidade co establecido na cláusula 16.1 do PCAP, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, para a súa valoración e cualificación pola mesa de contratación.

Vista a acta da Mesa de Contratación do día 03/12/2020, polo que se lle dá a conformidade á documentación presentada por CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL.

Tendo en conta a fiscalización da interventora municipal do 09/12/2020.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 374/2019, de 26 de junio, modificada pola Resolución núm. 283/2020, de 11 de maio, que delega a aprobación do expediente y adxudicación na Xunta de Goberno Local.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de sobras denominado: MELLORA ENTORNO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS (2020/C003/000003) a favor da oferta considerada coa mellor relación calidade-prezo ó acadar a maior puntuación das outorgadas nos criterios de adxudicación, que se corresponde coa presentada pola empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL, por importe de 40.074,09 € + IVE (8.415,56 €) = 48.489,65 €, un prazo de execución de 90 días naturais, un prazo de garantía de 5 anos e demais condicións da súa oferta.

Segundo.- Nomear como director da obra ó enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992.

Terceiro.- Nomear como coordinador de seguridade e saúde ó enxeñeiro técnico agrícola, técnico superior en prevención de riscos laboráis, Ignacio José Alonso Díaz, colexiado núm. 2.095

Cuarto.- Aprobar o gasto con cargo á partida correspondente do orzamento en vigor.

Quinto.- Notificar o acordo ó director da obra e ó coordinador de seguridade e saúde, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte a aquel no que reciba a notificación deste acordo, se persoe no Concello para a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa.

Sexto.- Publicar a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfin do Contratante.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de sobras denominado: MELLORA ENTORNO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS (2020/C003/000003) a favor da oferta considerada coa mellor relación calidade-prezo ó acadar a maior puntuación das outorgadas nos criterios de adxudicación, que se corresponde coa presentada pola empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL, por importe de



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

40.074,09 € + IVE (8.415,56 €) = 48.489,65 €, un prazo de execución de 90 días naturais, un prazo de garantía de 5 anos e demais condicións da súa oferta.

Segundo.- Nomear como director da obra ó enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992.

Terceiro.- Nomear como coordinador de seguridade e saúde ó enxeñeiro técnico agrícola, técnico superior en prevención de riscos laborais, Ignacio José Alonso Díaz, colexiado núm. 2.095

Cuarto.- Aprobar o gasto con cargo á partida correspondente do orzamento en vigor.

Quinto.- Notificar o acordo ó director da obra e ó coordinador de seguridade e saúde, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte a aquel no que reciba a notificación deste acordo, se persoe no Concello para a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa.

Sexto.- Publicar a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfin do Contratante.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

5.- Aprobación de proxectos de obra e servizos non previstos nos orzamentos: **Non constan**

6.-Petición e aceptación de subvencións: **Non constan**

7. Escritos e comunicacións:

8.- Dación de conta de decretos: **Resolucións dende 13-11-2020 (exp: 2020/G003/000864 RES 821/2020 ata 14-12-2020 (exp: 2020/G003/000968 RES 925/2020)**

A XGL dase por enterada.

9.- ROGOS E PREGUNTAS: **Non se presentaron rogos nin preguntas**

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 10:30h do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D^a Antía Pena Dorado

concello@ponteceso.r



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Documento asinado electrónicamente ao marxe.